

## Comisión Permanente de Valoración de Méritos

A Comisión Permanente de Valoración de Méritos creouse no marco do Regulamento de mobilidade de persoal de administración e servizos aprobado en Consello de Goberno do 30 de outubro de 2020 como un órgano de carácter técnico especializado e con vocación de permanencia de cara a fixar e homoxeneizar as actuacións e criterios de valoración dos méritos dos e das aspirantes nos procesos selectivos e de mobilidade do PAS que realice a USC, así como axilizar a resolución do correspondente concurso e como sustento dunha evolución na configuración normativa e institucional dos órganos de valoración, coas seguintes competencias:

- a. Harmonizar as actuacións e criterios de valoración dos méritos dos aspirantes nos procesos selectivos e de mobilidade de PAS que realice a USC.
- b. Analizar e propoñer, de ser o caso, ao órgano competente, cantas medidas poidan resultar convenientes para mellorar os procesos selectivos.
- c. Informar as consultas sobre o seu ámbito de actuación que presenten as comisións e/ou tribunais de selección e de mobilidade.
- d. Comprobar e avaliar os méritos do baremo xeral de conformidade coa convocatoria, o baremo aplicable e demais normativa que lle sexa de aplicación nos procesos de mobilidade permanente, ordinaria e específica. No concurso ordinario, será o único órgano de valoración e polo tanto, o encargado de elaborar a proposta provisoria de adjudicación de postos, resolver as posibles reclamacións, e elevar ao órgano competente, a proposta definitiva de adjudicación de postos. No caso de concursos específicos, realizará a valoración do baremo xeral das e dos aspirantes e elevará a proposta definitiva á Comisión de Avaliación que vai xulgar a fase específica do concurso.
- e. Cantas outras competencias lle asigne a Xerencia en materia de valoración de méritos para procesos selectivos ou que resulten necesarios para o cumprimento dos fins que ten encomendados.

Composición da Comisión:

Presidenta:

- M<sup>a</sup> del Pilar Martínez García, Vixerenta de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica

Vogais:

- Elena M<sup>a</sup> Meañós Melón, xefa de Servizo da Asesoría Xurídica
- Inés Martínez Bermúdez, xefa do Servizo de Planificación e Programación de PAS
- M<sup>a</sup> Isabel Casal Reyes, directora da Biblioteca Universitaria
- Carmen Martí Fernández, xefa de Sección Xestión de Persoal e Asuntos Xerais
- Xosé Anxo Doval Rey, responsable da Oficina de Servizos da Biblioteca Concepción Arenal

Secretaria:

- Ana M<sup>a</sup> Domínguez Gigirey, xefa de Sección de Formación do PAS

O seu funcionamento interno acordarase polo propio órgano

Santiago de Compostela

O xerente,

Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/03/2021 10:33:05.

**CSV:** E4A0-CABC-4A1D-AA8A